

## TEMA 22. A Guerra Civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional<sup>1</sup>

**Orientacións da PAU:** O alumnado terá que referirse ao contexto no que se produciu a conspiración militar para pasar deseguido a abordar a organización da sublevación, que rematou coa división de España en dúas zonas (unha fiel á República e outra dominada polos sublevados), explicando como foi percibido o conflito polos dous bandos e as repercusións da guerra española no escenario político previo á II Guerra Mundial e apoios recibidos. Os documentos obxecto de comentario farán referencia a

- organización do golpe de Estado
- ideoloxía e apoios dos bandos enfrontados
- internacionalización do conflito e as súas consecuencias.

### 1. TRAZOS XERAIS

A Guerra Civil comeza co falido golpe de estado do 18 de xullo de 1936 e remata de forma oficial o 1 de abril de 1939. Os case tres anos de duración da guerra deixará unha España con profundas feridas, un longo exilio, anos de fame e unha sociedade con profundas feridas. A historiografía fala de dous bandos enfrontados: os rebeldes golpistas, coñecidos como o bando fascista que se autodenomina nacional; e os republicanos denominados polos golpistas como rojos. En palabras de Julián Casanova, na Guerra Civil española desenvóléronse diferentes conflitos: anticlericalismo contra clericalismo, terratenentes contra xornaleiros, patróns contra obreiros, fascismo contra comunismo, comunismo contra anarquismo. A diversidade de conflitos que latexaban na sociedade española e europea na década dos anos 30 móstranse na Guerra Civil.

### 2. CONTEXTO

Os gobernos radicais-cedistas caracterizáronse pola súa inestabilidade. O escándalo do estraperlo, no que se pagaron comisións por xogos de azar por parte de altos cargos do Partido Republicano Radical de Alejandro Lerroux obrigou a convocar novas Eleccións Xerais para febreiro de 1936. Tras gañar as eleccións, o Goberno da Fronte Popular iniciou a posta en práctica do seu programa de forma inmediata (restablecemento do estatuto de Cataluña, aceleración da reforma agraria ou a recuperación da política reformista no ensino).

A pesar da rapidez con que o Goberno iniciou a aplicación de reformas, para os sindicatos e os partidos obreiros había que ir moito máis rápido, non só no tempo de aplicación, senón no fondo da reforma, é dicir, crían chegado o momento de poñer en práctica a auténtica e agardada revolución social. Pola contra, Falange Española incrementou a súa afiliación entre a xuventude de dereitas e puxo en práctica a dialéctica dos puños e das pistolas coa finalidade de enfrontarse coas organizacións de esquerdas, estratexia que levou ao cárcere a José Antonio Primo de Rivera e á prohibición da actuación do seu partido na vida pública. Neste contexto a violencia foi en aumento (os atentados dun e doutro signo eran continuos e as folgas e disturbios crecentes), e o problema da desorde pública foi empregado polos grupos de dereitas para desacreditar o réxime republicano e a Fronte Popular.

### 3. ORGANIZACIÓN DA SUBLEVACIÓN

---

<sup>1</sup> Material de Francisco José Orge Ventín e do manual de Historia de España de 2º de Bacharelato da editorial Baía.

A derrota das dereitas nas Eleccións Xerais do 16 de febreiro de 1936 e o medo á revolución social foron dous dos principais factores que motivaron a elaboración de proxectos golpistas de carácter militar coa intención de acabar co Goberno de esquerdas. Ademais, os grupos conservadores identificaron o Exército como o único medio para a salvación de España e para a restauración da orde pública a través dunha férrea autoridade.

Baixo a dirección de Emilio Mola, os militares golpistas foron concretando as accións e o papel de cada un deles. O plan xeral consistía en que o Exército de África fose o primeiro en sublevarse, secundado logo por levantamentos graduados na Península nas 24 ou 36 horas seguintes<sup>2</sup>. Seguidamente, os militares deterían as autoridades militares e civís fieis ao Goberno da República, así como os dirixentes locais das forzas obreiras, e proclamarían o Estado de Guerra. O Exército de África, unha vez asegurado o dominio do protectorado, debía trasladarse á Península transportado pola Mariña e converxer rapidamente sobre Madrid, onde se establecería un Directorio Militar encabezado por Sanjurjo.

O proceso acelérase os días 12 e 13 de xullo de 1936. O 12, un comando de extrema dereita asasina ao tenente da Garda de Asalto e militante de esquerdas, José Castillo. Como represalia, ao día seguinte un grupo de Gardas de Asalto fai o propio co deputado de Renovación Española José Calvo Sotelo. O seu enterro non foi só unha manifestación política, senón unha declaración de guerra por parte dos inimigos da República.

O 17 de xullo de 1936 púxose en marcha o proceso de sublevación, no cal xogou un papel decisivo o Exército de África: as tropas do Protectorado español de Marrocos subleváronse contra o Goberno da República e ao día seguinte fixérono na Península. Tras a sublevación en Melilla, as tropas da Lexión dominaron rapidamente a situación en Marrocos. Na madrugada do día 18 de xullo de 1936, Franco felicitou os sublevados, auto-nomeouse xefe das tropas de África, decretou o Estado de Guerra en Canarias e Marrocos e dirixiuse aos españois xustificando o alzamento militar. Franco trasládase a Tetuán no avión Dragón Rapide, pagado polo financeiro Juan March.

Nos días 18 e 19 de xullo, ao mesmo tempo que Franco se trasladaba para facerse cargo das tropas de África, en distintas cidades da Península os militares conxurados tentan facerse co poder. Nalgúns casos triunfaron (Pamplona, Sevilla, Valladolid, Burgos, Zaragoza, Mallorca...) pero noutros as forzas republicanas lograron dominar os rebeldes (Barcelona, Madrid, Valencia, Oviedo). En Galiza, a sublevación militar iniciouse o día 20 e, tras breves enfrontamentos coas forzas leais na Coruña, Vigo e Ferrol, os sublevados fixéronse co control.

Ante as confusas noticias da sublevación militar, o Goberno republicano reaccionou con indecisión. O Presidente do Goberno, Santiago Casares Quiroga, ademais de emitir unha mensaxe tranquilizadora á poboación, decretou o cese dos sublevados e a disolución dos corpos militares que os apoiasen ou estivesen baixo o seu mando. Pero estas medidas tiveron un efecto negativo

---

<sup>2</sup> Mola sublevaríase en Navarra; Queipo de Llano en Sevilla; Villegas e Fanjul en Madrid; González de Lara en Burgos; Cabanellas en Zaragoza; López Prieto e Varela en Cádiz; Patxot en Málaga; Cascajo en Córdoba; Goded nas Baleares, asumindo tamén o mando en Barcelona; Franco en Canarias e o protectorado español en Marrocos, onde contaba coa intervención de Yagüe.

para os republicanos, porque moitos soldados abandonaron os cuarteis que estaban baixo mandos indecisos e, deste modo, a República quedou cun Exército moi reducido.

Ante a indecisión do Goberno republicano, as forzas sociais de esquerda pedían armas para facer fronte aos militares rebeldes, pero Casares Quiroga non quixo entregar armas ao pobo e dimitiu, pois estaba convencido de que as forzas obreiras -co pretexto de apoiar o Goberno- non tardarían en suplantalo. Na madrugada do día 19 de xullo, **Manuel Azaña** forma un gabinete de conciliación presidido por **Diego Martínez Barrio**. Este gabinete de conciliación fracasa no seu intento de negociación cos militares e, como consecuencia, Martínez Barrio tamén dimite. O mesmo día 19 de xullo, Manuel Azaña nomea a **José Giral** como novo Presidente do Goberno. Este, contando co apoio das forzas da Fronte Popular e resolto a afrontar a sublevación, decide entregar armas ás organizacións proletarias, a pesar do risco de que estas impuxesen a revolución.

#### 4. A DIVISIÓN DE ESPAÑA EN DÚAS ZONAS

Despois das primeiras escaramuzas, tanto as forzas rebeldes como as leais ao Goberno republicano foron incapaces de dominar e reducir por completo o adversario. Como resultado destas accións España quedou dividida en dúas zonas: unha dominada polos sublevados; e outra fiel á República.

##### 4.1 A ZONA SUBLEVADA

Para o bando sublevado ou *azul*, autodenominado como *nacional*, o “alzamento nacional” era o único modo de impoñer orde e eliminar aos “inimigos da patria” (comunistas/bolxeviques/*rojos* e anarquistas, nacionalistas periféricos, ateos...).

Desde o inicio, controlan as illas, Marrocos, Galiza, Castela e León, Navarra e metade andaluza. O golpe militar recibe diversos apoios: entre o exército, cabe destacar o apoio da Garda Civil, a Lexión e Exército de África, parte da Mariña e oficiais intermedios do exército de Terra. Socialmente, estiveron apoiados polos terratenentes, masas católicas e conservadoras (CEDA, monárquicos alfonsino, carlistas, falanxista), patróns e a Igrexa.

En referencia á Igrexa, comentar que o episcopado español cualificou o movemento militar como unha *Cruzada* contra o comunismo en defensa da fe católica, da tradición e da orde social. Bispos e clérigos acompañaban nas cerimoniais públicas aos militares rebeldes, e daban a súa bendición ás tropas sublevadas. Nunca fixeron críticas en público sobre a represión exercida polos insurrectos, pero condenaron duramente a represión das forzas de esquerda (incluso o papa Pío XI considerou aos sublevados como heroes cristiáns fronte aos bárbaros e salvaxes republicanos).

##### 4.2 A ZONA REPUBLICANA

Para o bando republicano ou do goberno (*rojos*, despectivamente, para os sublevados) a acción dos militares non era máis que unha rebelión contra a orde legalmente establecida e contra as reformas que se iniciaron a partir de febreiro de 1936.

A República mantivo as principais cidades incluíndo a zona industrial do norte, Cataluña, parte de Andalucía e Madrid. No plano militar, tivo o apoio da Garda de Asalto, Aviación, boa parte da Mariña e Infantería e a maioría dos xenerais de Terra. Socialmente, contaban co apoio de obreiros, xornaleiros e clases medias urbanas (pequena burguesía), republicanos de esquerdas, socialistas,

comunistas, anarquistas, intelectuais.

## 5. DIMENSIÓN INTERNACIONAL DA GUERRA

Desde o seu inicio, a Guerra Civil española orixinou implicacións internacionais inmediatas, é dicir, adquiriu unha relevante dimensión internacional. O contexto do auxe dos fascismos preocupaba ás potencias europeas. As tensións políticas e ideolóxicas existentes nos países europeos víronse reflectidas nos acontecementos que se vivían en España, e tanto os gobernos como a poboación tomaron posición a favor ou en contra da rebelión. Os dous bandos enfrontados pediron axuda en material bélico: o Goberno da República, a Francia; Franco e Mola, a Hitler e Mussolini. Porén, coa intención de evitar que a guerra española se convertese nun conflito internacional, os principais estados europeos acordaron en Londres non tomar parte no conflito e constituír un Comité de Non Intervención (1-8-1936). Estes acordos implicaban a prohibición de enviar homes e armas a ningún dos dous bandos, e só foron cumpridos por Gran Bretaña e Francia.

### 5.1 AXUDAS AO BANDO SUBLEVADO

Malia o acordo de non intervención, os sublevados recibiron axuda das potencias fascistas.

**Alemaña** prestou un importante apoio en efectivos militares que foi clave nos primeiros días da guerra (barcos e avións para o paso das tropas de África á Península). A Lexión Cóndor foi decisiva para o bombardeo de posicións republicanas (Durango, Guernica, Madrid, Granollers, Barcelona...). A cambio desa axuda, Franco comprometéase a asinar un acordo económico prioritario con Alemaña: ao final da guerra España pagaría mediante concesións de explotacións de materias primas, especialmente minerais.

**Italia** apoiou con material bélico tamén desde os inicios, pois contar con España significaba controlar estratexicamente o Mediterráneo. De Italia veu un grupo de voluntarios: os Camisas Negras, que foron retirados de España, pola presión internacional, en 1938.

**Portugal** prestou axuda aos sublevados, pero moito menor que os países anteriores. O Goberno ditatorial de Salazar, moi afín ao de Franco, prestou constante auxilio ao Bando Nacional, facilitando o paso de armas e víveres, ademais de enviar 10.000 homes (os viriatos).

**EEUU** adoptou unha política oficial de non intervención e prohibiu a venda de armas a España. Porén, foron fundamentais para o Bando Nacional os abastecementos de grandes empresas estadounidenses como Ford, General Motors ou TEXACO.

### 5.2 AXUDAS AO BANDO REPUBLICANO

A República contou con escaso apoio por parte das potencias occidentais, sendo fundamental a axuda da URSS.

**Francia** practicou unha política de vacilacións e medo ante o posible triunfo das posicións máis revolucionarias dentro da República española, que podían repercutir e agravar as tensións internas na sociedade francesa. Nun principio, o Goberno da Fronte Popular presidido por León Blum, axudou a República española, pero tras a adhesión francesa ao Comité de Non Intervención, o Goberno prohibiu a venda de armas e material de guerra e a axuda pasou a ter carácter particular (recrutamento de voluntarios, contrabando de armas). A fronteira non se abriu até marzo de 1939.

**Gran Bretaña** temía un conflito internacional se se interviña en España, así como unha radicalización social que podería poñer en perigo os seus intereses económicos e podía complicar máis as súas relacións con Alemaña. O Goberno do conservador Neville Chamberlain tratou de illar o conflito español, e Gran Bretaña foi a máxima defensora de que se cumprisen os acordos do Comité de Non Intervención, aínda que sabía que nin Italia nin Alemaña cumprían o pactado.

**México** tiña un goberno moi afín á República, e o seu presidente, Lázaro Cárdenas, ordenou o envío de armas. Foi unha axuda máis simbólica que efectiva, pero sempre acompañada dun forte respaldo diplomático e de amparo aos republicanos.

A **Unión Soviética**, dirixida por Stalin, manifestou inicialmente unha actitude de prudencia. A posibilidade dun triunfo republicano e a soviétización do país podían ser mal vistos entre as potencias occidentais, situación que non beneficiaba á diplomacia soviética, que pretendía un achegamento aos Estados europeos opostos a Alemaña. Fronte a esta posición, os trotskistas acusaron a Stalin de abandonar a idea da revolución mundial e as manifestacións populares na rúa pedían a intervención soviética a favor da República. O estímulo definitivo para a intervención viría pola constatación da axuda alemá e italiana aos sublevados. A axuda soviética concretouse no envío de asesores militares e na venda de armas pagadas co ouro do Banco de España.

A República tamén contou co apoio das **Brigadas Internacionais**, batallóns de voluntarios estranxeiros que viñeron a loitar a España no decurso da Guerra Civil (1936-1939) para defender a República. Estaban integradas por militantes de esquerdas antifascistas, especialmente marxistas ou comunistas, de distintos países. Estes voluntarios interpretaron a guerra de España como unha nova fronte de loita contra o fascismo. Houbo brigadistas de máis de 50 países, destacando a achega de franceses, alemáns, austríacos, italianos, británicos e estadounidenses. Tiveron un papel destacado na defensa de Madrid (novembro de 1936), e abandonaron España tras a derrota da Batalla do Ebro (outubro de 1938), debido ás presións do Comité de Non Intervención.

## 6. DESENLACE

A guerra comeza en xullo do 36 e remata o 1 de abril do 39, coa vitoria final dos sublevados. Ese 1 de abril, tras poder tomar por fin Madrid, Franco asinaba o último parte de guerra. Entendendo que o conflito é complexo tanto no plano interno coma no internacional, podemos mencionar os seguintes factores que explican o seu desenlace.

- 1) Os sublevados tiveron o apoio económico das oligarquías españolas
- 2) As tropas sublevadas eran as mellor preparadas e disciplinadas do exército español (Lexión e africanistas)
- 3) Goberno da República tivo serios problemas para lograr unir esforzos e disciplinar ás tropas. No bando republicanos houbo enfrontamentos entre o grupo dos comunistas e socialistas con anarquistas (CNT) e trotskistas (POUM).
- 4) desigual apoio internacional foi clave para que o bando sublevado derrotase, despois de tres anos de guerra, á República.